


CAMPAÑA DE FOMENTO DO HÁBITO LECTOR E DE PROMOCIÓN DAS BIBLIOTECAS

CONVOCATORIA DE CONCURSO DESTINADA AO
ALUMNADO DO 1º CICLO DA ESO

CADERNO DE VIAXE



**Todos os rapaces e rapazas que o
desexedes e esteades matriculados neste
instituto no 1º ciclo da ESO podedes
participar.**

1. No momento da túa inscrición recibirás gratuitamente o teu CADERNO DE VIAXE.
- Nel escribirás con claridade os teus datos persoais na páxina 5.
- Cada vez que voluntariamente decidas ler un libro calquera da túa elección -xa sexa propio, prestado por amistades e familiares, da nosa biblioteca ou das bibliotecas públicas...- has cubrir unha ficha procurando completar todos os apartados.

Así, para a primeira lectura encherás a páxina 7 cos datos do libro escollido e na páxina 6, a da súa esquerda, apuntarás as datas nas que comezas e rematas a lectura dese libro. Enriba da data incluíras aquilo que che suxira o libro: impresións, resumos, citas literais, debuxos, suxestións, finais alternativos...

Se Carapuchiña fose máis espabilada e a súa avoa non se metera na cama sen pechar a porta con chave, ningunha das dúas serían vítimas do lobo, porque a mín el tampouco me pareceu que fóra tan listo tan listo.

Data: 11 de novembro, 2012
21 de novembro, 2011

2. Nalgunhas páxinas pares, por exemplo a 14, xa veñen impresas citas textuais dalgúns libros vencellados coas viaxes. Neses casos, o que cómpre é investigar para engadires na páxina do lado os datos do libro do que foron extraídas.
3. A partir da páxina 130 hai reservado espazo para a LISTA DE ESPERA: aí anotarás os títulos dos libros que desexes ler nun futuro por diferentes motivos: alguén o recomendou, alguén falou del, leches unha reseña del que espertou a túa curiosidade, gustouche o título ou a súa cuberta...
4. Da páxina 136 en diante atoparás un lugar para "meter" LIBROS NA MALETA. Aquí meterás os títulos que máis che gustaron, pero tamén os libros que che gustaría posuír para reler cando vaías medrando e avellentándote.
5. Na páxina 142 comeza unha actividade interesante: CAZANDO TOPÓNIMOS podes confeccionar unha lista dos lugares que visitaches nas túas viaxes a través dos libros. Pero estaría ben que distinguiras entre os nomes de lugares reais (e os situaras xeográficamente) e os nomes de lugares fantásticos.
6. Desde a páxina 146 aparecen as páxinas de OUTRAS LISTAS ¡con posibilidades mil! Deixámosche que collecciones o que queiras.
7. Se buscas a páxina 153 verás que se che ofrece unha chea de propostas de lectura TÍTULOS PARA NON PERDERSE. Trátase de suxestións e non de obras obrigatorias, pero cando non se che ocorra que libro ler sempre podes bruxulear por aí.
8. Ao final do libro inclúense algunhas informacións interesantes: películas, músicas e direccións electrónicas vencelladas co mundo dos libros e das viaxes.

¡HABERÁ PREMIOS IMPORTANTES!

- O xoves, **día 31 de xaneiro** de 2013 recolleránse todos os cadernos do alumnado do 1º nivel da ESO, para valorar a diversidade das lecturas reflectidas nel e maila creatividade das aportacións persoais de cadaquén en cadanseu apartado.
- A **primeiros de xuño** recolleránse todos os cadernos para valorar a diversidade das lecturas reflectidas nel e maila creatividade das aportacións persoais de cadaquén en cadanseu apartado.

